

GALEGANDO



MÉDICOS E PINTORES...



ESTRELAS DO CELULOIDE E ASTRONAUTAS...





SUMARIO

- Editorial
- Os nosos xoguetes de millo. "A festa das colleitas"
- O Samaín
- Excursión a Reptigalia
- O Magosto
- O Nadal en Guláns
- Día da paz
- Entroido
- Semana da prensa
- Entrevista ao ciclista Álvaro Pino
- Día do libro.
- Actividades na nosa biblioteca
- Letras galegas 2015- Xosé. F. Filgueira Valverde
- Proxecto século XX ("viaxe á lúa", "Elvis" e "O pequeno Dalí")
- Conto de 1º "A visita sorpresa do león"
- Excursión a Manzaneda
- Visita didáctica á Granxa Kiriko
- Opinión "Non a violencia de xénero"
- Cultura (cine, música)
- Artigo de interese sobre Educación Física
- Convivencias e deporte escolar
- Noticia "Cross"
- Cartas en "I love English junior".
- Enjoying English (unscramble words, wordsearch)
- Orientación ás familias "Apps educativas"

Deseño e maquetación:

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Artigos, noticias, fotografías e debuxos:

Alumnos/as e mestres/as do CEIP Feliciano Barrera

Curso 2014/15



EDITORIAL

Velaquí temos, un ano máis, unha nova edición da nosa revista Galegando! Unha nova ilusión que compartir con todos vós, para que poidades ver todas as maravillosas actividades que se fixeron ao longo do curso na nosa escola e todas as novidades deste ano para compartir, como sempre, con todos vós.

Dende o equipo de dinamización da lingua galega agroma esta iniciativa de crear unha revista en galego: a lingua dos nosos ancestros, a lingua do noso “fogar de Breogán”, a nosa lingua.

Entre as múltiples iniciativas que se estiveron a desenvolver durante este curso, como sempre, cómpre salientar todas as actividades relacionadas co deporte escolar, a animación a lectura promovida polo equipo de biblioteca, as excursións, exposicións...

Un amplo abano de actividades, que con moito aloumiño, queremos compartir con todos vós para que lembredes sempre este curso 2014-15. Un curso no que aprendemos cousas novas, afianzamos as que xa sabiamos e recargamos as pilas para o curso que ven.

Non queremos rematar esta editorial sen facer unha mención especial aos alumnos/as que emprenden unha nova viaxe, unha nova etapa educativa, estamos a falar dos alumnos de infantil que cambian a primaria e dos nenos/as de 6º que se van do colexio pero, non dos nosos corazóns.

Tivemos o privilexio de axudalos a medrar, acompañando aos seus pais na educación dos seus fillos.

“ Esta é a nosa obriga cara ó neno: darlle un raio de luz, e seguir o noso camiño”(María Montessori).

E con esta maravillosa frase desta gran pedagoga, médica e filósofa rematamos esta editorial, esperando que “a nosa luz vos ilumine sempre”.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



Os nosos xoquetes de millo.

No mes de setembro na biblioteca fixemos unha exposición cos nosos xoquetes de carozos e espigas de millo, foi moi divertido!





A SEMENTEIRA

Sementar, sementarei
louquiño de clarear,
en canto nun pobo medre
un meniño, un vello e un cantar.

Un meniño rebuldeiro
que fale na lingua nai
que suba aos pecequeiros
a froita verde a roubar.





O SAMAÍN

Na última semana de outubro comezamos a celebrar o Semaín con diversas actividades como a decoración da biblioteca e a proxección de películas de medo nos rexeros, tamén na biblioteca.



O xoves 30 de outubro, todos acudimos á biblioteca para realizar diversas actividades terroríficas:



Os nenos e nenas de 3º de primaria representaron unha pequena obra de teatro chamada "O castelo encantado", foi moi divertido.

Despois, chegou a hora de coñecer ós gañadores do concurso de banda deseñada con temática de medo. A pesar de que todos o fixeron moi ben, só houbo un gañador por cielo. Estes saíron con gran ilusión a recoller o seus premios.

Con todos os cómics que participaron no concurso elaboramos un libro, que se atopa a disposición de todos os nenos do colx.





Visita a Reptigalia



No mes de novembro,
os nenos e nenas
de 3º e 4º acudimos
a unha exposición
de réptiles no auditorio
de Ponteareas.
Tamén visitamos o mercado
e a biblioteca municipal.
Para rematar merendamos
todos xuntos.
Pasámolo xenial!!!!





O MAGOSTO

Este ano no magosto pasámolo xenial, como sempre.

Mentres os mestres e mestras preparaban o lume para asar as castañas, os nenos e nenas de 6º organizáronnos uns xogos divertidísimos!! Encesta a castaña, o paracaídas, os zancos, a corda,...





Tamén cantamos unhas cancións que nos ensinou a profe Alba, como berramos!





Cando as castañas xa estaban listas para comer, fomos buscando o noso recuncho no patio, e... ummmm que ricas estaban!!

Para os nenos e nenas de 3 anos, este foi o noso primeiro magosto e gustounos moito. Comemos castañas e tamén xogamos, como os demais!



O ano que ben, máis e mellor!



NADAL EN GULÁNS

Un ano máis chega o Nadal ao noso cole. Unhas semanas antes comezan os preparativos. Adornamos os corredores, as aulas, a biblioteca e preparamos o festival. O festival foi na Aeisoureira. Alí estaban os nosos familiares para ver as nosas actuacións.

Os de Infantil cantaron unha paxoliña que o seu estribillo é:

"Onde andarán
non sei onde están
Ia me tardan xa"

Os de 1º e 2º cantaron:
"Co meu leuriño farineiro
sou camiño de Belén".





Os de 3º e 4º cantaron:

" Pan parariri
pan parariri
pan pan panpan "

E por último os de 5º e 6º:


" Cara Belén camiña
unha nena ocupada
fermosa en canto a ela
San Xosé a acompañar "



Que bonitas as panxoliñas e que ben saíron!


Ao rematar as panxoliñas chegou unha sorpresa, viu o Apalpador a darnos un agasallo para cada neno e nena. Disse que quedara moi contento con todas as cartas e debuxos que lle fixemos.

A verdade é que Leo León tivo unha idea xenial ao facer un concurso de "cartas e debuxos ao Apalpador".





OS MELLORES MOMENTOS DO NADAL





DÍA DA PAZ

Coma todos os anos o día 30 de xaneiro festexamos o **día da Paz**. Este ano fixémolo elaborando unha oliveira da paz. Así que, durante toda a mañá os nenos e nenas do cole fomos a biblioteca para pegar as folliñas do olivo da paz. As folliñas ían cargadas de mensaxes positivas e dos pensamentos que nos suxería a cada un a paz.





Ademais os nenos de 5º e 6º fixeron unha coreografía da canción “Madre paz” que lles quedou moi animada.



Entre todos cantamos unha canción titulada “Campás pola Paz” e desplegamos as nosas mensaxes pola paz nunha longa cadea que percorría toda a biblioteca.





ENTROIDO 2015

O 13 de febreiro celebramos no colexio o Entroido. O timbre sonou ás 10:25 e cada titor axudou aos seus alumnos a disfrazarse. Cada clase foi disfrazada cun motivo diferente. Os nenos de 3 anos foron disfrazados dun dos mellores cantantes na historia do *rock*, Elvis Presley; os de 4 anos disfrazáronse emulando a primeira viaxe á lúa; os de 5 anos de pintores; 1º e 2º de “hippies”; os de 3º de roqueiros dos anos 80; os de 4º de charlestón e música ambientada nos felices anos 20 e finalmente os de 5º e 6º de Primaria disfrazáronse como se estiveran no famoso musical *Grease*.



Nenos de 4 anos disfrazados da Lúa, os cohetes e os astronautas.



Debido á que a chuvia estaba presente este día a saída pola aldea cos pícaros disfrazados non se puido facer ás 11:00. As actuacións musicais comezaron ás 11:20 bailando cada clase un baile relacionado co seu disfraz que foi preparado pola profesora de música durante varias sesións.



Alumnos de 1º e 2º disfrazados de hippies.

Sobre as 12:20 e despois de todos os bailes comezou unha pequena merenda para os nenos, os mestres e os pais que finalizou cunha gran sorpresa, o baile da canción ***Estou na lavadora*** que preparou a mestra de música con todos os nenos do colexio e incorporáronse o resto dos profesores e algúns pais, xa que o baile era de execución sinxela.



Alumnos de 4º vestidos de charleston.



Alumnos de 3º vestidos da década dos 80.

Finalmente sobre as 13:00 cada profesor subiu cos seus alumnos á súa aula para rematar a última sesión da mañá cunha serie de xogos nas mesmas.



Alumnos de 2º vestidos de “hippies”



SEMANA DA PRENSA

Con motivo da celebración da semana da prensa os nenos e nenas de 1º e 2º aventurámonos a "diseccionar" xornais na procura de noticias interesantes.

Na biblioteca e ca axudas das profes observamos diferentes xornais e analizamos as partes que hai dentro deles.



Por último elaboramos un mural cos titulares que máis nos gustaron. Este foi o resultado, nada mal non si?





UNHA CONVERSA CON ÁLVARO PINO

Álvaro Pino (Ponteareas, 1956), o home gañador da Volta a España en 1986 con esforzo e traballo.

L. Soto / A. Rama / M. Covelo

Cal era o teu sono?

O meu sono, sen dúbida, non era ser ciclista, senón futbolista; pero como se ve que non valía para iso, rematei adicándome á bicicleta.

Como foi a túa infancia?

Recórdoa como a de calquera neno que vive nunha aldea, non foi nada especial. Bonita e feliz cos amigos, xogando moito ao fútbol. Recordo que, con oito ou nove anos, ata faciamos partidos entre aldeas cercanas.



Con cantos anos tiveches a túa primeira bicicleta?

Con oito anos regaloume meu padriño unha bicicleta de paseo.

Con cantos anos corriches a túa primeira carreira?

A verdade é que empecei tarde, con 15 anos, a diferenza dos ciclistas da miña época, que xa levaban anos competindo.

Tiveches algún familiar que te animara a ser ciclista?

Non. Soamente un amigo da aldea, Fontenla, Que tiña dez anos máis ca min e xa competía. Cando o ía deixar prestoume a súa bicicleta de carreiras.

Antes de ser ciclista tiveches outro oficio?

Os libros e os estudos non me gustaban, cousa da que me arrepiño; entón, aos 14 anos, empecei a traballar de mecánico de coches, xa que se me daba ben.

Tiveches sempre o apoio da túa familia?

Si, tanto meus pais como meus irmáns apoiáronme moitísimo, e incluso miña noiva, que é agora miña muller, animoume a deixar o traballo e adicarme ao ciclismo.

Cantas horas entrenabas ao día?

En categoría junior, un día si e outro non; e cando era profesional, todos os días dúas horas como



mínimo. Normalmente entrenaba sete horas diarias.

Que sentiches no momento que gañaches a Volta a España?

Moito entusiasmo e satisfacción por ter conseguido ese reto, xa que cando era pequeno non contaba con gañala; ao máximo que aspiraba era chegar a ser profesional.

Cando gañaches a Volta a España, senticheste agobiado polos teus fans?

Non, leveino moi ben. Cando cheguei a Ponteareas había moita xente recibíndome, firmeille moitos autógrafos e saquei con eles moitas fotos; para nada me sentín agobiado.

A que idade e por que abandonaches o ciclismo?

Deixei aos 33 anos por mor dunha lesión; se seguía correndo podía chegar a quedar coxo.

Que afeccións tes na actualidade?

Andar en bicicleta, ver calquera tipo de deporte (fútbol, baloncesto, hockey...), xogar ao tenis; pero, debido á lesión no tendón de Aquiles, teño que ter moito coidado.

Cal é o truco para conseguir gañar a Volta a España?

Truco realmente non hai. É un conxunto de cousas como unha boa condición física, unha xenética que hai que traballar, boa alimentación, moito descanso e moito sacrificio en cousas como non saír coa noiva ou cos amigos de festa.

Que consello lles darías aos nenos e nenas que soñan con ser deportistas de élite como fuches ti?

O primeiro de todo é que lles guste o deporte que elixan e acosenllo que todos/as fagan deporte aínda que non se chegue a ser profesional, que disfruten e que, sobre todo, o tomen como un xogo e non como unha profesión; e, ao contrario do que fixen eu, compaxinalo cos estudos, porque a formación é moi importante e eu arrepiéntome de non ter estudado máis.

Unha vez feito todo isto, se tes a oportunidade de convertirte en profesional, que se adiquen con ilusión e sacrificio.

Con que frase te describirías?

Como ciclista, “un bo escalador, con dificultades nos terreos chans, pero con moita capacidade de sacrificio”.



MOITAS GRAZAS POR RECIBIRNOS NA TÚA CASA E CONTESTAR AS NOSAS PREGUNTAS !



UNHA MULLER COMPROMETIDA COA EDUCACIÓN

Raquel é a muller que actualmente preside a ANPA “San Xulián” coa inestimable axuda do resto dos membros da xunta directiva.

L. Porto / N. Groba



Nome?

María Raquel Bargiela Pino

Lugar e data de nacemento?

Nacín en Couso – Guláns, no ano 1976.

A qué te adicas?

Son ama de casa.

Cantos anos levas na xunta directiva da ANPA?

Levo tres anos, dous de vocal e este comecei de presidenta.

Como chegaches a presidenta ?

Porque os demais membros da ANPA me votaron e vin que era un cargo que podía desempeñar coa axuda dos demais membros. Aproveite a oportunidade para agradecerlles a confianza que depositaron en min e a labor que estamos a facer en conxunto.

Ata cando tes pensado estar no cargo?

Aínda non o pensei.

Tes que adicarlle moito tempo?

Si. Todos os días lle teño que adicar un tempo, aínda que depende do tema que traia entre mans.

Sénteste recompensada?

Si. A nivel persoal coñezome un pouco máis, valórome, doume conta de que no meu interior hai ganas de traballar sen ningún ánimo de lucro.

Hai moitos socios na ANPA?

Somos 68 familias e esperamos que se unan as 16 que faltan.

Que funcións desempeña a ANPA?

Colabora coa dirección do colexio en distintas actividades como festivais; economicamente, nas saídas que organiza o centro; recauda fondos para as excursións...

Ademais, se se presenta algún problema, temos o deber de buscar unha solución, como no caso que sucedeu a principio de curso loitando por conseguir o mestre de apoio de Educación Infantil.

Por que é interesante que todas as familias pertencan á ANPA?

Porque a xunta directiva da ANPA conta con máis respaldo para poder conseguir maiores beneficios en caso de ter que protestar por algún motivo e tamén lles aporta ás familias vantaxes a nivel económico, xa que se intentan subvencionar todas as saídas e excursións que o centro propón.



DÍA DO LIBRO

"En abril, libros mil"

Chega o mes de abril, o mes do libro. Leo León, a mascota da biblioteca, ven cargada cun montón de ideas para que fagamos no cole. Isto foi o que pasou...

Cada un de nós, tanto os mestres coma o alumnado trouxemos o noso libro favorito da casa e fixemos con eles unha **exposición na biblioteca**.

Outro día **lemos no patio**. Os maiores leron contos aos máis pequenos. Cada grupiño escolleu o lugar do patio que máis lle gustou, o máis acolledor.

Tamén aproveitamos as horas de lectura para **ler nas aulas os libros que elaboramos entre todos** cando festexamos a semana da prensa.

E o broche de ouro púxoo un **contacontos** que viu a biblioteca a contar unhas historias coas que rimos moito.



QUE VIVAN OS LIBROS! GRAZAS A ELES PODEMOS SOÑAR, VOAR , VIAXAR A TODOS AQUELES LUGARES QUE DESEXEMOS!



Os axudantes de Leo León

Día das bibliotecas



Música de aquí e acolá



Teatro en inglés

2º gaña o concurso da biblioteca municipal





Cine de terror



Samaín



Día do libro



Cartas ao apalpador



Avisos das novidades





Día da paz




Semana da prensa



Obradoiro de teatro



Caixa de suxerencias





Día das letras galegas 2015

Este ano adicamos o día das letras galegas a Xosé Fernando Filgueira Valverde: escritor, historiador, político e profesor ... " O vello profesor " que así é, como era coñecido na súa cidade natal, Pontevedra. Na súas creacións literarias fai referencia a moitas das tradicións populares de Galiza como son: os Maios, os oficios tradicionais....

No que fai referencia aos maios el escribiu un poema pero, tamén é sabido que formou parte dun xurado desta festa na súa cidade natal na que, por certo, tamén foi alcalde e un dos fundadores do seu museo.

Os alumnos do C.E.I.P Feliciano Barrera fixemos un Maio porque sabemos, que de seguro, el se ía poñer contento de que o recordáramos con esta tradición.





Os alumnos de 1º nos contaron moitas cousas deste escritor na biblioteca, pois sabían moito! Os alumnos de 4º fixeron unha exposición de oficios tradicionais de Galiza e cantaronlle ao Maio unhas coplas con moita sorna!






O SÉCULO XX

Este ano, dende a biblioteca do cole, propuxemos un novo proxecto: O século XX. Cada curso encargouse dunha década do pasado século coa que traballamos durante todo o curso e agora no mes de xuño comezaremos coas exposicións na biblioteca. Estas son algunhas imaxes do traballo que fixemos:

Anos 60




Anos 50



Anos 90



Anos 30



Anos 40



Anos 70






Anos 20





OS NENOS DE CATRO ANOS, LEVARON A CABO DURANTE ESTE CURSO O PROXECTO: "VIAXE Á LÚA", ENSARTADO DENTRO DO MACROPROXECTO: "O SÉCULO XX", TRABALLADO EN TODAS AS AULAS DO COLEXIO. ESTE É UN RESUMO DO DEVANDITO PROXECTO.





PELOTA

LAIKA

NUNCA CHAMADO
E ENCONTROU UNHA
NECA MANDARON A
ELA VIVA NA
NOSTRACOLA DURANTE 1

A DEU 40 ORODER
DA
GRAZAS A 1010 12 PILOTOU
UNHA 4 ANOS MAIS TARDE

PERSONAXES FAMOSOS

O PRIMEIRO SER VIVO QUE
VIAXOU AO ESPAZO EN 1957
FOI LAIKA

O PRIMEIRO ASTRONAUTA
EN EXPLORAR O ESPAZO
EN 1961 FOI YURI
GAGARIN

A PRIMEIRA MULLER EN
VISITAR O ESPAZO EN 1963
FOI VALENTINA
TERESHKOVA

O PRIMEIRO ASTRONAUTA
EN DAR UN PASEO
ESPACIAL EN 1965
FOI ALEXEI LEONOV

ESTACION INTERNACIONAL

OS HOMES CONSTRUIRONA PARA
COÑECER O ESPAZO


É TAN GRANDE COMO UN CAMPO
DE FUTBOL

NELA TRABALLAN
ASTRONAUTAS DE
DIFERENTES PAISES


NELA COMEN, DORMEN
TRABALLAN




A MISIÓN APOLO 11




O 16 DE XULLO DE 1969 FOI LANZADO O FOGUETE QUE LEVARÍA Á LÚA AOS 3 HOMES CHEGARÍA Á LÚA O 21 DE XULLO DE 1969




DESDE O CENTRO DE MANDO CONTROLAN O FOGUETE




MÓDULO DE MANDO e MÓDULO LUNAR



O MÓDULO DE MANDO QUEDOU XIRANDO ARREDOR DA LÚA



NEIL ARMSTRONG FOI O PRIMEIRO HOME QUE PISOU A LÚA



O MÓDULO LUNAR DESCENDEU ATA SOLO LUNAR

PEGADE DO PRIMEIRO HOME COMO NALGANOM HAI VENTO MACHOIVA TODAVIA ESTÁ ALÍ




NEIL ARMSTRONG DIKO ESTE UN PEQUENO PASO PARA O HOME E UN GRAN PASO PARA A HUMANIDADE.






O REGRESO Á TERRA



SO REGRESA Á A CÁPSULA. ESTA LEVA A CÁPSULA CAE AO MAR E UN RECOLLE AOS ASTRONAUTAS

O EXERCICIO NA ESTACIÓN ESPACIAL

OS ASTRONAUTAS NA FAN EXERCICIO VARIAS VECES AO DÍA TEREN BIKI ESTÁTICA E CINTA DE CORRER





DURMIR NO ESPAZO

OS ASTRONAUTAS DORMEN EN ENGANCHADOS A PAREDE LEVAN TAPÓNOS NOS POLO RUIDO E ANTFACE NOS PORQUE SEMPRE HAI LUZ






(2)





SABES QUEN É O REI DO ROCK?

Pois os nenos e nenas de 3 anos este ano estivemos investigando para saber quen era, e ao final dimos con el e aprendemos moitas cousas.



O Rei do Rock chámase **ELVIS AARON PRESLEY**, e naceu en Misisipi, nun pobo chamado Tupelo, que nos fixo moita gracia cando a profe nolo contou, xa que pensábamos que era no noso pelo.

Foi cantante e tamén actor de moitas películas que tiveron moito éxito nos anos 50. A primeira canción chámase "That's All Right, Mama". E a súa primeira película é "Love me tender".


Así é como vemos nós a Elvis. Esperamos que vos gusten:



MATIN



SARA




LUCIA



NEHA



MARIA



PAULA



ALIZIA




PAOLO




AIXA



CARLOTA



TIANU



XAVI



CONTO: "O PEQUENO DALÍ"

Esta é a historia de Salvo,
un neno que un día atopou
unha chave máxica na praia




A chape abriulle
a porta a unha
viaxe longuísima
e cargada de
emocions polo
mundo dos soños.





E SOÑOU QUE...





CHEGOU Á GRAN TORRE...

Mesmo chegou á gran torre dos ovos xigantes e cunha escaleira de caracol subiu, subiu e subiu... ata que se fixo maior.



Salvador Dalí quixo pintar os sonhos que tivera de pequeno, para que non se perdesen para sempre.





Entre todos confeccionamos este mural e pintamos cadros surrealistas





A VISITA SORPRESA DO LEÓN.

Había unha vez un lobo, un oso e unha aguia que ían polo bosque para buscar froita. O lobo probou unha pera, que estaba podrida. O oso probou arándanos e non lle gustaron. E a aguia probou cereixas e empachouse.



Así que os tres volveron as súas casas. No camiño de volta atopáronse cun león. E o oso preguntoulle - ¿Que fas aquí?.

Veño a visitar aos animais do bosque -dixo o león.

Entón o lobo preguntou - ¿E por que vés a visitar ós animais do bosque? Veño visitar o meu curmán, o lince- contestou o león.

A aguia interrumpíu as preguntas e dixo. Eu coñezo ben o lince se queres podo decirche onde vive.

- Vale - respostou o león. E os catro animais dirixíronse a casa do lince.

Cando chegaron tocaron o timbre. O lince abriu a porta e o ver o león dixo: ¿Que fas ti por aquí?.

- Veño a visitarte.
- Pasade cearemos todos xuntos.

E así os animais gracias a visita do león divertíronse moito todos xuntos.



Autores: nenos e nenas de primeiro.

Ilustracións: Brais Costas, Leo González, Lía Castro e Lucía Gutierrez.



Aventureiros en Manzaneda

A mañá do 13 de maio, despois de despertarnos eufóricos e ilusionados porque chegara o gran día da excursión a Cabeza de Manzaneda, subimos ao autobús entre risas a máis risas e, por fin, puxémonos en marcha.



Polo camiño paramos a tomar o pequeno almorzo en Castro Caldelas e ao chegar ao noso destino, unha vez que nos dixeron cales eran os nosos apartamentos subimos para deixar as maletas. Algúns quedamos sorprendidos do bonitas que eran as habitacións.

E ao rematar... directos ao restaurante! Xantamos nun ambiente moi agradable e totalmente entusiasmados por estar alí.

A primeira actividade da tarde e, despois de ter xogado ás agachadas no parque, foron os "Karts". Foi moi emocionante! A monitora explicounos como funcionaban e, de seguido, fixemos catro veces cada un o circuíto. Disfrutamos enormemente.

Cando rematamos tomamos folgos coa merenda e dirixímonos ao campo de "Tiro con arco". Esta disciplina déuselles moi ben a Samuel e Lucía Iglesias, que conseguiron explotar un globo na diana. Claro que hai que dicir que moitas frechas foron para á ladeira da montaña.



Xa estabamos un pouco cansos pero había algo do que tiñamos unha ganas tremendas. Si, estaba achegándose o momento de ir á discoteca. Nós na discoteca!

Así que cando rematamos de practicar co arco e as frechas fomos rapidamente a ducharnos, vestírnos coas nosas mellores galas e a cear.



E... así de guapos é como saímos dos apartamentos para bailar durante dúas horas nas que demostramos o noso bo facer bailando! Unha velada xenial!

O seguinte día amenceu nubrado e chuvioso, pero uns fermosos cabalos estaban esperándonos, así que despois de almorzar fomos montar a “Van Gogh” e “Flash”. Foi unha experiencia increíble! A choiva fuxiu pero o frío empeñouse en acompañarnos o resto do día. Aínda con frío e todo vivimos outro maravilloso momento escalando o rocódromo, cuxos dezaioito metros alcanzaron sen ningún medo os nosos valentes compañeiros Noa, Álex, Luis e Martín Covelo.



Pola tarde viñeron o béisbol e a natación e á noite, como non, outra vez baile a rachar.

E así, como se dun suspiro se tratase, amenceu o terceiro e último día no que, despois dunha “dura” fase clasificatoria, Martín Covelo foi “medalla de ouro” de “ping-pong”.

Ese día, ás catro da tarde, comezamos o retorno a Guláns. Pero antes de abrazar a nosos pais e nais aínda nos quedaba unha sorpresa no centro cultural “Marcos Valcárcel” de Ourense; asistimos a unha charla impartida por Yolanda, a irmá da “profe” Sagrario, sobre a exposición “Darwin e o evolucionismo” na que aprendemos moitas cousas sobre a orixe do ser humano.

Xa de volta no “cole” moitos de nós pensabamos que non tería estado mal que a excursión durase dous días máis.

O certo é que nos encantou compartir esta experiencia cos nosos compañeiros e cos nosos “profes” Óscar e Sagrario e seguro que non nos olvidaremos nunca dela. Pasámolo xenial!



A VISITA Á "GRANXA KIRIKO"

Este curso os nenos de 5º e 6º tivemos unha excursión moi especial, visitamos a granxa kiriko. Nada máis chegar os monitores fixéronnos unha presentación sobre o que era a granxa e que se facía nela.



Na visita estabamos dúas escolas. Logo mesturaron os nenos dos dous coles e fixeron equipos, para visitar as diferentes instalacións da granxa. Explicáronnos a pirámide alimentaria, como cultivaban alí, sementamos na terra e fixéronnos un experimento no que demostraban que non era todo o que comíamos o que pensabamos.





Despois dunha mañá na que estivemos traballando duramente, comimos no comedor da granxa unha comida moi rica. Primeiro unhas croquetas e de segundo pasta con carne.



Logo estivemos xogando por toda a granxa mentres descansaban os monitores para despois facer un último xogo un gran xogo que consistía en facer probas relacionadas co aprendido para conseguir alimentos e así elaborar un menú saudable.



Finalmente enmarámonos os animais que tiñan na granxa. Eran moi bonitos e estaban moi ben cuidados. Foi unha excursión moi divertida na que aprendemos



Os alumnos de 5º (Leticia, Aine, Javier, Luis)



NON Á VIOLENCIA DE XÉNERO

Álex Cordero

Alumno 6º primaria

Non sei, a verdade, por que a xente xenera tanta violencia de xénero. Non sei se as persoas o fan para sentirse importantes, para sentirse superiores, por gusto ou polo que sexa; pero o que si sei é que está moi mal. Eu creo que, pensando tan só un pouco, xa nos damos conta de que iso non ten sentido. O que o fai debería pensar antes: “E se fora muller, como me sentiría?” Eu xa sei que hai xente moi mala e que o vai seguir facendo, pero pode que algunha outra se dé conta de que está mal e o deixe de facer. A min, persoalmente, a violencia de xénero é unha das cousas que menos me gusta do mundo, xunto co racismo e a desigualdade; e, por desgraza, haina en todo o mundo, e ninguén fai gran cousa para evitalo. Eu estou escribindo isto para que as persoas recapaciten e tamén estou loitando para que no futuro non a haxa máis. As mulleres pásano moi mal.

AÍNDA ASÍ...MULLERES!

Aine González

Alumna de 5º de primaria

Chámome Aine. Son unha nena e tamén son unha muller do futuro. Quixera que igual que eu, as mulleres do futuro fósamos iguais ca os homes en dereitos e deberes. Son española e iso fai que non estea entre as mulleres máis discriminadas do mundo e tal vez sexa por iso máis consciente do moito que queda por facer.

Na miña casa, meus pais sempre nos trataron a min e a meu irmán de igual maneira, tanto nas tarefas domésticas como nos xogos e nas actividades. Son os pais do presente e os fillos do futuro, as raíces da árbore da igualdade entre xéneros.

A DESIGUALDADE HOME / MULLER NO MUNDO

Lucía Soto

Alumna de 5º de primaria

O 8 de marzo celébrase o Día Internacional da Muller, por iso os/as nenos/as de 5º e 6º de primaria fixemos na biblioteca do centro unha exposición sobre algunhas das grandes mulleres do século XX que, nun determinado momento se decidiron a estudar e realizar traballos que “só eran de homes”: médicas, aviadoras, tenistas, escritoras, científicas, astronautas, deseñadoras, políticas..

Espero que vos decatedes da importancia de ter feito esta exposición e da valentía de todas aquelas mulleres que loitaron polo que querían sen perder a esperanza e que non se rendiron nunca.



VIOLENCIA DE XÉNERO? QUE É ISO? NON QUERO COÑECELA!

Lucía Iglesias

Alumna de 6º de primaria

O tema sobre a violencia de xénero é un tema que todos deberiamos coñecer, xa que no colexio traballámolo bastante. A min a violencia paréceme algo que ninguén debería sufrir. Os gritos; o que non te deixen saír de casa; dicirte que eres fea, mala, tonta, que non sabes facer nada...

Si, puxen todos os adxectivos en feminino, porque a maioría das maltratadas son mulleres.

Todos teriamos que entender que o maltrato dos homes ás mulleres debe acabar, por moitas razóns: se hai violencia non hai felicidade nin para a muller maltratada nin para seus amigos e familiares, se segue habendo violencia pensaremos que iso é algo normal, se estamos rodeados de violencia o mundo será moito peor.

A VIOLENCIA...CUESTIÓN DE EDUCACIÓN

Noa Groba

Alumna de 6º de primaria

A violencia de xénero sucede tanto nos homes como nas mulleres, pero sobre todo nestas últimas. O maltrato pode ser físico ou psíquico e a súa consecuencia máis grave é a morte da persoa maltratada. Pagar coa túa vida por celos ou pola forma de ser e de pensar é imperdoable. Dende pequenos temos que estar educados sobre este tema, empezando por respectar aos nosos amigos e amigas tal e como son. Esta educación ten que vir tanto da familia como da escola, por iso os e as alumnos e alumnas de 5º e 6º curso fixemos un mural en contra da violencia machista, para que toda a comunidade educativa comprendese a importancia deste tema.





CINE: “A BOA MENTIRA”



Título orixinal: The Good Lie

Ano: 2014

Duración: 110 min

País: Estados Unidos

Director: Philippe Falardeau

Reparto: Reese Witherspoon, Corey Stoll, Sarah Baker, Sharon Conley, Mike Pniewski, Arnold Oceng, Clifton Guterman, Ger Duany, Enmanuel Jal, Kuoth Wiel, Femi Oguns, Lindsey Garret

Xénero: Drama / Cine independente

Sinopsis: Uns refuxiados da guerra civil sudanesa chegan a EEUU e coñecen a Carrie, unha traballadora social que, consciente da súa traxedia, trata de ensinarlles como deben desenvolverse nun mundo tan distinto ao seu.

Críticas:

“Gustoume moito a fotografía, o interese co que os protagonistas facías as cousas, a ilusión que tiñan por estudar. Creo que desta película podemos aprender moitas cousas”

Martín Covelo

“Pareceume unha película moi bonita, aínda que un pouco dura. Recomendoa sobre todo para as persoas que non saben valorar todo o bo que teñen aquí onde vivimos”

Lucía Soto

“A película é moi dura e de final triste. Eu chorei porque me parecía todo moi dramático. Recomendaríalla ás persoas ás que lles gusta o drama, as películas de historia e ás que non saben como vive a xente no 3º mundo”

Noa Groba

“Esta película gustoume moito porque te axuda a aprender que o que para uns é insignificante, para outros é un tesouro. Preferiría que tivera outro final, aínda que o que ten é moi orixinal. Podemos sacar dela a conclusión de que hai que valorar as oportunidades que temos no lugar no que vivimos”

Aldara Montero

“É unha película fascinante que relata unha historia real. É tan triste como bonita. Eu volvería vela ata 10 veces se fixera falta, porque me gustoru tanto... Recomendolla a todas aquelas persoas refuxiadas que hai no mundo actual, para que non perdan a esperanza e sigan loitando polos seus sonos”

Álex Cordero



MÚSICA

Este ano no que traballamos o século XX, todos bailamos unha canción que tivo moito éxito no ano 1994. O que non era de esperar é que tivera tanto éxito no CEIP Feliciano Barrera vinte anos despois.

A todos vos gustou moito aprender a coreografía así que, co permiso do **Caimán do Río Tea** e co noso agradecemento para eles, aquí vai a letra.

Para que non deixedes de cantala no verán.

ESTOU NA LAVADORA

Hai moito tempo que estou metido aquí
e empezo xa a estar farto porque non podo saír.

Hai moito tempo que estou aquí metido
e empezo xa a estar farto porque estou moi aburrido.

**Estou na lavadora, estou na lavadora,
estou na lavadora, estou na lavadora.**

Ah, aaaah! sacaime pronto de aquí.

A miña nai tamén foron chamar
para que viñera con un sacho para poderme sacar.

E ao meu pai tamén o foron avisar
para que viñera coa escopeta para poderme sacar.

Estou na lavadora, ...

Estou aquí, non podo saír.

Por favor virme acudir.

Estou aquí, non podo escapar.

Por favor víndeme salvar.

Teño medo de afogar.

Xa empezou a centrifugar.

Que vai ser de min?

Sacaime pronto de aquí.

Estou na lavadora, ...



Educación Física



Chega o final de curso, o momento de facer balance. Certos principios pedagóxicos xa acadados outros anos afianzanse nestes. Principios como o traballo en equipo, o espírito de superación, o xogo limpo, o respecto pola diversidade, a aceptación das limitación propias e as dos demais, o coidado do material, valorar máis os procesos que os resultados. En definitiva, principios e valores fundamentais para unha vida adulta noble e equilibrada.

Despois de catro anos volvimos ó parque da Visoureira para participar no *cross* escolar con resultados moi positivos polo excelente clima creado entre nenos e nenas de diferentes colexios que viviron unha xornada agradable na que todos gañamos. Mención especial merecen as nosas rapazas da categoría de sexto feminino xa que todas acadaron medallas.

Tamén disfrutamos unha xornada de convivencia deportiva co colexio veciño de Oliveira, ós que aproveitamos para felicitar que foran uns excelentes anfitrións e agradecerlles que nos convidaran ó seu centro.

Recibimos os alumnos do CEIP Bouza Brei para una xornada de fútbol sala e balonmán no noso centro cultural e finalmente participamos nas xornadas de bádminon organizadas polo club de bádminon de Pontearreas. Actividades moi divertidas, formativas e integradoras todas elas.

O novo reto para este ano foi o baile. Os alumnos de quinto e sexto prepararon unha coreografía adicada ó desaparecido Michael Jackson interpretando os temas “Billie Jean” e “Beat it” e outra adicada ó grupo “Los Secretos” dentro do proxecto sobre os anos oitenta que se engloba



á súa vez no proxecto do centro: “o século XX”.

Celebramos o II campionato Feliciano Barrera de Xadrez. Os nosos rapaces van adquirindo soltura neste deporte de estratexia.



Como Mestre de educación física prácame dicir que é un privilexio traballar con grupos de nenos non masificados onde a atención individual é alta e os resultados nótanse. Grazas ás familias por apostar polo ensino público, pola súa confianza e pola súa colaboración. Grazas ós compañeiros de traballo pola súa participación e sobre todo pola súa comprensión porque de cando en vez os rapaces chegan tarde as súas clases por mor de exprimir uns minutos máis en clase de educación física.



Finalmente, non me podó esquecer de reclamar unha vez mais (e non sei cantas van xa) unas instalacións dignas para a práctica da educación física. Os nosos alumnos non son de segunda división e merecen unhas condicións alomenos iguais ás do resto de alumnos do Concello de Pontareas.



Comunidade e deportes escolares no Ourense 2015

O venres 22 de Maio os nenos de todo o cole de Gulañs visitaron a escola CEIP Santiago de Oliveira. Mentres os nenos de 5º e 6º facían o deporte escolar, Xogando ao baloncesto e ao hockey, os restantes nenos e nenas do colexio estaban coñecendo a instalación do centro.



O alumnado de 5º e 6º divertíronse competindo. Xogaron 4 partidos de baloncesto e 4 de hockey sobre rodas, polo gran Mestre de Ed. Física Oscar Alonso, que nalgúns ocasións tiño que exercer de árbitro.





O resto de alumnos foron recibidos polos cursos... do C.E.I.P. de Oliveira que eles mostraron a súa clase e logo foron facer un circuito de xogos con eles. Deronlles unhas etiquetas co seu nome e fixéronse todos amigos mentres xogaban. Os xogos foron circuito de neumáticos, inchar un globo e dar toques con el, un xogo de paracaídas e outro circuito con zancos.



Finalmente estiveron animando aos do deporte escolar e ao rematar estiveron tomando un chocolate quente con rosquillas todos xuntos e fixéronse moi amigos. Dende Guláns agradecemos aos nenos, mestres e personal laboral do C.E.I.P. de Santiago de Oliveira a súa acollida.



Os alumnos de 5º (Rucía, Aldara Martín, Samuel)



RESUMO DO DEPORTE ESCOLAR

(Xornadas 2 e 3)

O luns 26 de Xaneiro celebramos a segunda xornada do deporte escolar. Nesta Xornada recibimos en A Vizouseira ao C.E.I.P. Ermín Bouza Brey e xogamos fútbol sala e balonmán.



Xogamos 4 partidos de cada deporte e destacou o xogo limpo entre os equipos participantes. Despois compartimos unha merendola todos xuntos. Foi moi divertido.



Na terceira xornada do deporte escolar fomos a Ponteareas e xogar ao Bédminton e competimos entre nós, despois a explicárenos as normas do xogo.

Os alumnos de 6º
(Martín, Alex, Paula, Noa, Cristian,
Lúcia, Rubén, Lois)



“Cross” para nenos e nenas de 5º e 6º en Guláns

Unha carreira para nenas e nenos de 5º e 6º, na que correr é pasalo ben.



O alumnado cos seus mestres

M. Covelo / A. Montero
Guláns / Galegando

O mércores, 10 de decembro de 2014, no parque do centro cultural “Avisoureira”, organizouse unha xornada de deporte escolar para a fase zonal clasificatoria de campo a través (cross) da comarca de Condado – Pardanta para nenos e nenas de quinto e sexto de primaria.

Houbo catro categorías: 6º masculino, que correron 1.500 m; 5º masculino, 1.000 m; 6º feminino, 1.000 m; e 5º feminino, 1.000 m. Nun circuito esixente e cunha climatoloxía xélida houbo moita competitividade e deportividade.

Participaron, entre outros centros, os CEIP Feliciano Barrera, Fermín Bouza Brey, Santiago de Oliveira e Ramiro Sabell Mosquera; e o CPR Inmaculada.

O noso colexio tivo moita representación, clasificándose: Paula Groba, Lucía Soto, Noa Groba, Martín Covelo e Leo Bonmati para a fase final. Cando remataron todas as categorías, a todos os participantes déronlles un vaso de chocolate quente con rosquillas e, para finalizar, aos dez primeiros clasificados concedéronlles unha medalla a cada un.



Tódolos anos escribimos á revista de inglés 'I love English Junior' e xa nos publicaron todas estas cartas... Congratulations!!!

... English Junior, revista de inglés

ia. I'm English teacher in Castellón. I want to say of 6th level. We use our lessons, and we . We like very much "mysteries" and s that you can find in ice summer holidays, O and, don't forget hers!!! Kisses,

Hello! My name is Noa. I'm 10 years old. My birthday is on 3rd November. I live in Guláns (Ponteareas). My school is CEIP Feliciano Barrera. My favourite colour is purple. My favourite singers are Miley Cyrus and Martina Stoessel. I love playing volleyball, playing basketball and snowboarding. I like pizza and macaroni and I don't like green beans, mushrooms and onions. My favourite subjects are English, Music and Maths. My English teacher is Belén. I've got one brother. His name is Jairo. I love your magazine, specially the reports. Bye, bye!!

Noa

Hi! My name is Prasad. I'm 10 years old. I love to play football. I have got a dog and two rabbits. I'm in 5th class. I like English class. My best friends are Martín and Antón. When I grow up I want to be a P. E. teacher. I love your magazine, but sometimes I have too much homework, so I can't read it. Bye,

Prasad

Hello! My name is Lois. I'm ten years old. I live in Guláns, Ponteareas. My birthday is in October. My school is the Feliciano Barrera. I've got brown eyes and brown straight hair. My favourite subjects are P. E., Maths and Music.

My favourite colour is blue and my favourite animal is the cat. I like playing football but I don't like playing volleyball. My best friends are Alex, Iván and Martín. I love *I Love English Junior*.

Lois

Hi! My name is Lucía. I'm 10 years old. I live in Nogueira (Ponteareas). My birthday is on 29th October. I study at CEIP Feliciano Barrera school. My favourite colour is purple. I've got green eyes, a small nose, brown, short and straight hair. My best friend is called Noa. My favourite food is chicken and green beans, My favourite subjects are Maths, Art and English. I have a pet. It's a dog called Mora. I'm confident and kind. Bye, bye!!

Lucía

Hugs and kisses. **Cristina**

Hello, My name is Aine. I live in Cristiñade (Ponteareas). I'm 10 years old. My favourite sport is basketball. I love my teacher, Belén, and my teacher Sagrario. My favourite animal is the white tiger. My best friends are Leticia, Lucía and Aldara. I love your magazine *I Love English Junior*. Bye, bye,

Aine



UNSCRAMBLE WORDS


ROAPRT




OSUEM



ROLDIELL



LEHPTNAE




NAKSE








WORDSEARCH



A	H	J	B	I	K	E	E	M	S	S	V
R	F	O	A	I	R	U	P	N	S	H	S
S	B	F	L	L	C	T	O	M	D	G	L
M	G	D	L	E	O	O	L	N	O	O	H
S	P	I	R	Y	P	E	T	H	L	O	D
S	O	R	K	O	Y	W	R	F	L	L	S
A	S	C	O	O	T	E	R	D	X	K	S
M	T	A	S	K	T	D	A	S	S	A	A
L	I	R	A	D	R	H	E	S	A	P	P
F	U	T	W	T	R	K	I	T	E	Y	O
D	O	G	E	W	Y	G	R	E	L	E	U
Y	P	P	E	A	L	H	Y	R	G	R	E
I	P	D	I	N	A	S	A	U	R	W	E
L	O	I	L	S	H	L	O	U	W	R	H








EDUCATIVAS

As **Apps Educativas** son aplicacións que se instalan nun dispositivo móbil (tablet ou teléfono) e unha vez instaladas pódese acceder a elas de forma moi sinxela.



Creemos que a tecnoloxía débese empregar como unha ferramenta de aprendizaxe e educación. Seguindo esta liña, dende o Departamento de Orientación e equipo das TICs, presentamos unha lista de **Apps educativas gratuitas** e moi **divertidas para o alumnado** tanto para o sistema operativo Android como iOS. Esperemos que vos gusten.

RECOPIACIÓN DE APPS EDUCATIVAS PARA DISPOSITIVOS MÓBILES			
ÁREA	NOME APP	CARACTERÍSTICAS	SIST. OPERATIVO
ATENCIÓN/MEMORIA 	Crayon Maze Lite	Labirintos.	Android
	Sopa de Letras	Xogo sopa de letras.	Android
	Toca Letras AB	Atención-rapidez.	Android
	Kids ABC Letters	Buscar obxectos, letras, animais...	Android
	Simon Dice	Memorizar nº, series, figuras...	Android
	Animori Card-Free	Atención, memoria, vocabulario..	iOS/Android
	Remembrain	Recordar series numéricas.	Android
	Kids Tangram	Puzzle.	Android
	Matrix Game 1,2,3	Atención, memoria, percepción visual.	iOS/Android
	Series 1.	Percepción visual, orientación espacial.	iOS/Android
	Diamond Mosaic	Formar figuras xeométricas.	Android
	Rompec. con Cerillas	Habilidades lóxicas.	iOS/Android



<p>VOCABULARIO</p> 	<p>- El jardín del Dr. Panda. -Dr. Panda: Cartero. -Dr. Panda: Hospital Veterinario.</p>	Vocabulario, comprensión...	iOS/Android
	<p>Baby-Chef</p>	Vocabulario, comprensión...	iOS/Android
	<p>Mi PlayHome</p>	Comprensión, vocabulario, causa-efecto...	iOS/Android
	<p>Alex aprende a ordenar.</p>	Comprensión, causa-efecto...	iOS/Android
	<p>Adivina el personaje</p>	Vocabulario, adivinanzas...	iOS/Android
<p>SECUENCIAS TEMPORAIS</p> 	<p>Isecuencias Lite</p>	Secuencias temporais, esctructuración temporal...	iOS/Android
	<p>Complete the series 1,2 y 3.</p>	Secuencias temporais, conceptos menor-maior...	iOS
<p>GRAFOMOTRICIDADE</p> 	<p>Patchimals: primeros trazos.</p>	Trazos e formas básicas.	iOS/Android
	<p>Letterschool</p>	Destreza motora e abecedario.	iOS/Android
	<p>Free dot 2 dot Zoo virtual Pet.</p>	Percepción visual, destreza motora, abecedario....	Android
	<p>Kids ABC Letter Trains (Lite)</p>	Destreza motora, percepción visual..	Android
	<p>Match It Up 1,2 e 3</p>	Percepción visual, destreza motora..	iOS/Android
<p>LECTOESCRITURA</p>	<p>Leo con Grin</p>	Atención, vocabulario, método lector..	iOS/Android
	<p>-El tren del alfabeto de Lola Free. -Fiesta del ABC de Lola Free.</p>	Vocabulario, atención, discriminación auditiva...	iOS/Android
	<p>Lee paso a paso Free.</p>	Lectoescritura, vocabulario...	iOS



 <p style="text-align: center;">MATEMÁTICAS</p> 	Aprender a Leer.	Método lector.	Android
	Palabras Dominó Free.	Dominó de sílabas.	iOS/Android
	ABC Magnetic.	Letras magnéticas.	iOS/Android
	CreAppCuentos	Vocabulario.	iOS
	DeCuentos Mathematics-Examples.	Lectura, vocabulario... Pruebas que inclúen suma, resta, multiplicación e división.	iOS Android
	Reto Cálculo Mental.	Suma, resta, multiplicación e división.	Android
	Juego de tablas de matemática.	Cálculo de multiplicacións sinxelas.	Android
	Dividir.	Divisións sinxelas. Registro de resultados.	Android
	SlateMath K-1	Nº, sumas, orden, patróns, resolución de problemas...	iOS
	Littlemarket	Ir de compras!! Mercar, pagar...	iOS
	Cabritos de Matemáticas Maniaco.	Cálculo mental, atención.	iOS
	Matemáticas con Dragon Math.	Juego de memoria con operacións matemáticas.	iOS
Matemáticas Link Up.	Cálculo mental.	iOS	

Boas vacacións!!!

POETAS, PRINCESAS, ARTESÁNS...



CANTANTES, ARTISTAS...



“SÓ OS NENOS SABEN O QUE BUSCAN”

Extracto de “O Principiño”. Antoine de Saint-Exupéry



“Esta é a nosa obriga cara ó neno: darlle un raio de luz e seguir o noso camiño”

(María Montessori)

Que a nosa luz vos ilumine sempre!